

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE SETEMBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1152/2009.- Promociones Noya Díaz, S. L.- Legalización das modificacións executadas na vivenda unifamiliar encostada realizada na parcela 2, resultante da parcelación urbanística autorizada pola Xunta de Goberno Local de 13.12.04 no lugar de Camiño dos Vilares.

Lic/1383/2009.- María Piñeiro Mourelle, S. L.- Movemento de terras e acondicionamento do terreo ata a cota 0,00 do Polígono Industrial do Tambre.

Lic/2427/2008.- Jesús Alvarez Casal.- Legalización de galpón na Vía Marconi nº 25.

SUBSANACION DE ERRO.-

Lic/2356/2007.- Lucas, S. L.- Rehabilitación de edificación existente na rúa Santa Marta no ámbito do PERI-3.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

1787/09.- Vector Plus, S. L.- Expte. Lic/1560/2005 2.000 €.-

1788/09.- Vector Plus, S. L.- Expte. Lic/1561/2005 55.934,06 €.-

1754/09.- Trap, S. A.- Expte. Lic/1888/2003 6.088,64 €.-

1345/09.- Malga, S. L.- Expte. Lic/444/2009 1.000 €.-

APERTURAS.-

Lap/390/2006.- Luís Mauricio Pedrouso Vázquez.- Apertura de restaurante no lugar de Lamas de Laraño. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á de Xustiza.

Lap/366/2006.- Telefónica Servizos Móviles, S. A.- Licenza de instalación dunha estación base de telefonía móbil en Avda. do Burgo das Nacións. Informar favorablemente e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

OCIHR

LICENZAS.-

6.- Proposta da concelleira delegada de Cidade Histórica e Rehabilitación relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse axudas por un importe total de 58.042,57 euros.

7 a 92.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, exención na taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

93.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación de recurso de reposición interposto contra acordo de data 12.05.09.

Estímase un recurso relativo á bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

94.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á denegación de beneficios fiscais no Imposto sobre Bens Inmobles.

Denégase unha solicitude.

95.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa relativa á contratación do subministro de enerxía eléctrica.

Formálizase o contrato de subministro de enerxía eléctrica coa empresa UNIÓN FENOSA ata a adxudicación do novo contrato do que se están a elaborar os pregos de cláusulas.

96.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á realización dun estudo diagnose cuantitativo e cualitativo da realidade existente no tocante aos usos do tempo, horarios e ás medidas de conciliación.

Acórdase levar a acabo co grupo consultor OBZ un estudo diagnose cuantitativo e cualitativo da realidade existente no tocante aos usos do tempo, horarios e ás medidas de conciliación, pra o deseño e execución dun Plan de Programación dos usos dos tempos da cidade de Santiago de Compostela, por un importe de 17.550 euros máis IVE.

97.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvencións para o mantemento das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas.

Solicítanse dúas subvencións á Consellería de Traballo para sendas escolas infantís.

98.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do manual de autoprotección, emerxencias e evacuación, para o Pazo de Raxoi.

Apróbase o devandito manual.

99.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de funcionarios de carreira correspondentes á prazas da oferta de emprego do ano 2004.

Noméanse cinco cabos do servizo de extinción de incendios.

100.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á concesión de axudas sociais ao persoal municipal (convocatoria do ano 2008).

Apróbase a concesión de axudas sociais ao persoal municipal.

101.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao incremento do importe das axudas de vivenda-aloxamento, manutención e gastos excepcionais puntuais.

Acórdase o incremento do importe para vivenda-aloxamento (28.000 euros), manutención (28.000 euros) e gastos excepcionais puntuais (3.000 euros). Total: 59.000 euros.

102.- Proposta dos concelleiros delegados de Deportes e de Educación relativa á aprobación do servizo de desenvolvemento do programa "Á AUGA PATOS".

Apróbanse as bases e a sintura do contrato con XADE para o desenvolvemento do programa, así como un orzamento de 1.000 euros.

103.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento e sinatura do Convenio entre o Concello e o IES "Rosalía de Castro" para o Bacharelato Internacional. Ano 2009.

Apróbase a sinatura do convenio e un orzamento de 13.042 euros.

104.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á adquisición de 15 ordenadores persoais.

Acórdase a adquisición de 15 ordenadores persoais por importe de 17.860,75 euros e a contratación á empresa TECNOCOM.

105.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á continuación da tramitación da expropiación da parcelas 60, 61, 88 e 89 do Proxecto Técnico de Expropiación para a ordenación funcional de San Lázaro-Camiño Francés.

Acórdase continuar, polo procedemento de urxencia, coa tramitación da devandita expropiación e apróbanse as follas de aprecio, constitutivas da valoración da Administración das fincas, que ascende á cantidade total de 13.102 euros.

106.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de inspección periódica de instalacións eléctricas de baixa tensión correspondentes aos alumeados públicos en Santiago de Compostela.

Apróbase os pregos de cláusulas administrativas e técnicas e o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sem publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 36.816 euros máis IVE.

107.- Servizo de redacción do proxecto de urbanización da zona de contacto entre o SUNP-6 e o PERI-5 (SAN LÁZARO)

Apróbase o pego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sem publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 33.424 euros máis IVE.

108.- Adxudicación do servizo de redacción de proxecto de restauración do Río Sarela entre Romaño e Galeras (Ponte de Asén) incluída na medida 4.2 da área temática "Medio ambiente urbano e Reducción e Tratamento de Resíduos" Programa Urbana Santiago Norte.

Adxudícanse os traballos de referencia á empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, SL, por importe de 12.200 euros máis IVE.

109.- Adxudicación provisional das obras de reforma interior para a recuperación da Escola Infantil do parque do Hórreo (Tras Parlamento).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa PROYECON GALICIA, SL, por importe de 249.534,43 euros (máis IVE a soportar pola Administración).

110.- Deixar deserto o procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela, e inicio dun novo polo trámite de urxencia.

Déixase deserto o procedemento e apróbase iniciar un novo procedemento aberto polo trámite de urxencia, empregando o mesmo prego de cláusulas administrativas suprimindo o requisito de clasificación das empresas, se ben detallando os medios de acreditación da solvencia.

111.- Adxudicación provisional das Obras de Urbanización Exterior do Centro Social de FIGUEIRAS.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa BELYPA, SL por importe de 120.050 euros (máis IVE a soportar pola Administración).

112.- Adxudicación definitiva do contrato para a execución do servizo de certificación das actuacións e gasto realiado no marco do Proxecto SUITE cofinanciado polo programa europeo URBACT II.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de certificacións das actuacións e gasto realizado no marco do Proxecto Suite cofinanciado polo programa europeo URBACT II, á empresa ALVAREZ ASOCIADOS, SLU por importe de 5.900 euros máis IVE.

113.- Adxudicación definitiva do contrato de obras de acondicionamento, excavación arqueolóxica e restauración do castelo da Rocha Forte.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución de obras de acondicionamento e restauración do Castelo da Rocha Forte, á empresa TERRA ARQUEOS, SL por importe de 83.350 euros máis IVE.

114.- Adxudicación definitiva do servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da zona das Hortas (ámbito das rúas Raxoi, San Clemente e Trindade na parte non incluída no FIL).

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da zona das Hortas (ámbito rúas Raxoi, San Clemente e Trindade na parte non incluída no FIL) á empresa FRANCISCO GONZÁLEZ VARELA por importe de 23.800 euros máis IVE.

115.- Adxudicación definitiva do servizo de coordinación dos traballos arqueolóxicos das intervencións de urbanización de espazos públicos en Santiago de Compostela.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de coordinación dos traballos arqueolóxicos das intervencións urbanas de espazos públicos en Santiago de Compostela, á empresa MANUELA PÉREZ MATO por importe de 56.096,56 euros máis IVE.

116.- Adxudicación definitiva do servizo de redacción de proxecto de execución e estudo de seguridade e saúde e dirección facultativa superior das obras de reurbanización da zona do Cruceiro do Gaio (ámbito Campo das Hortas-rúa Cruceiro do Gaio).

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de proxecto de execución e estudo de seguridade e saúde e dirección facultativa superior das obras de reurbanización da zona do Cruceiro do Gaio (ámbito campo das Hortas-rúa Cruceiro do Gaio) á empresa CRECENTE Y FUERTES ARQUITECTOS, SL por importe de 50.637,63 euros máis IVE.

117.- Aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica no ámbito da unidade edificatoria 410207 (Xelmírez, nº 18).

Apróbase inicialmente a devandita modificación.

118.- Execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 755/2008 (procedemento ordinario 6461/1998) Proxecto de compensación do polígono 3 do Plan parcial de Fontiñas.

Acórdase formular perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia un incidente de execución da devandita sentenza nos seguintes termos:

- establecer unha compensación em metálico a favor do recorrente polo valor urbanístico do espazo libre privado, en substitución da súa adxudicación in natura.
- incluír as indemnizacións que procedan por diferenzas de adxudicación na conta de liquidación do proxecto de compensación do polígono 3 do Plan parcial de Fontiñas.

119.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á xustificación da subvención da Deputación Provincial da Coruña do programa "A cultura vai por barrios". Ano 2008: Rectificación de deficiencias atopadas na documentación xustificativa.

Inclúense facturas por importe de 6.623,47 euros

120.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención para o "Acondicionamento das salas de exposicións Rede de Centros Socioculturais ano 2009".

Dáse conta da devandita subvención por importe de 12.999,22 euros.

121.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para "Mobiliario, material audiovisual, aparatos electrónicos, material informático/equipamento de música e expositivo para difusión ano 2009".

Dáse conta da devandita subvención por importe de 15.996,49 euros.

122.- Dar conta da concesión de subvencións para actividades culturais e infraestruturas e equipamentos para 2009.

Dáse conta da devandita subvención por importe de 26.964,70 euros para actividade xeral de cultura e 15.996,49 euros para infraestruturas e equipamento cultural.

URXENCIAS

1.- Adxudicación definitiva do subministro e instalación de equipos para a conexión da DXT coa sala de control de tráfico do Concello.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución da subministración e instalación de equipos para a conexión do centro de xestión de Tráfico da DXT coa sala de control de tráfico do Concello á empresa TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE, SA por importe de 42.320,25 euros máis IVE.

2.- Adxudicación definitiva do servizo de dirección facultativa media das obras de reurbanización da zona do Cruceiro do Gaio.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da zona do Cruceiro do Gaio (ámbito campo das Hortas-rúa Cruceiro do Gaio) á empresa FERNÁNDEZ PENA, GESTIÓN TÉCNICA DE OBRAS, SLP por importe de 23.700 euros máis IVE.

3.- Adxudicación definitiva do servizo de redacción e dirección superior das obras de reurbanización da zona das Hortas.

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución do servizo de redacción do proxecto de execución e estudo de seguridade e saúde e dirección facultativa superior das obras de reurbanización das zonas das Hortas (ámbito das ruas Raxoi, San Clemente e Trinidad na parte non incluída no FIL), á empresa SALGADO E LIÑARES, SLP por importe de 50.600 euros máis IVE.

4.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas,e inicio da contratación das obras de reurbanización do espazo público da Calzada de San Pedro.

Apróbase o proxecto redactado polos arquitectos Manuel Carbajo, Celso Barrios e Juan Pinto e o devandito prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación, establecéndose un tipo de licitación de 352.576,30 euros máis IVE.

5.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación do proxecto e prego de cláusulas administrativas,e inicio da contratación das obras de reurbanización do espazo público da Calzada de Santo Antonio.

Apróbase o proxecto redactado polos arquitectos Manuel Carbajo, Celso Barrios e Juan Pinto e o devandito prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación, establecéndose un tipo de licitación de 178.633,72 euros máis IVE.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación da sinatura do convenio entre o Concello e a Deputación para o Plan de calidade e competitividade 2008 e 2009.

Apróbase a sinatura do devandito convenio (Anualidade 2008), que supón a execución de actuacións en materia turística por importe de 440.990, 03 euros, dos que a Deputación achega 350.000 euros.

7.- Dar conta da concesión de subvencións da área de traballo do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de traballadores.

Dáse conta da concesión dunha subvención por importe de 212.846,70 euros para a prestación de servizos na Concellería de Benestar Social por un período de seis meses.

8.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativa á concesión de axudas de carácter social.

Apróbase a concesión de 20 axudas de manutención por importe de 18.525,65 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativo á convocatoria da edición de outono do Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping 2009.

Apróbase o desenvolvimento desta actividade, por importe de 12.305,94 euros.